**Orde do……de ........... de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria e centros públicos integrados.**

**DISPOÑO**

**Primeiro.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

**A presente orde regula os requisitos e o procedemento para a autorización nos centros públicos educativos de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria e centros públicos integrados dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da implantación da xornada lectiva:**

**a) en sesión única de mañá**

**b) nunha xornada mixta: posibilitaranse outras xornadas cun mínimo de 3 tardes á semana mantendo un total de 25 horas semanais, sempre e cando o soliciten.**

**Segundo.- Requisitos**

**a) En sesión única de mañá:**

**Consello Escolar, por maioría dos tres quintos dos seus compoñentes.**

**1 O Claustro de profesores e profesoras, por maioría dos tres quintos dos seus integrantes.**

**2 Se é o caso, informe favorable do Servizo de Transportes da Delegación Provincial, conforme ao previsto no epígrafe sétimo da presente orde.**

**3 Acordo favorable dos tres quintos do total do censo das nais e pais ou titores do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo computaranse a nai e o pai ou os dous titores.**

**b) Nunha xornada mixta:**

**1 Consello Escolar, por maioría dos tres quintos dos seus compoñentes.**

**2 Claustro de profesores e profesoras, por maioría dos tres quintos dos seus integrantes.**

**3 Se é o caso, informe favorable do Servizo de Transportes da Delegación Provincial, conforme ao previsto no epígrafe sétimo da presente orde.**

**4 Acordo favorable da maioría simple do total do censo das nais e pais ou titores do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo computaranse o pai ou a nai ou un dos titores.**

**Terceiro.- Plan de actividades extraescolares.**

**Os centros presentarán un plan específico de actividades extraescolares que se desenvolverán pola tarde, sen prexuízo das que se inclúan na programación xeral anual segundo o establecido no capítulo IX do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997. Neste plan de actividades contemplarase o modo de colaboración nas mesmas das asociacións de nais e pais do alumnado, doutras institucións e organismos, e, de se-lo caso, do profesorado, sinalando o órgano responsable da organización e financiamento de cada actividade, así como a participación económica do alumnado, se fose o caso.**

**Con independencia da participación ou non do profesorado na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares, nos horarios do profesorado contemplaranse pola tarde dúas horas complementarias fixas para garantir a**

**coordinación do profesorado a través das reunións de departamento, equipos de ciclo e, se é o caso, de nivel e as titorías dos pais.**

**O plan específico de actividades extraescolares será elaborado polo equipo directivo, coa colaboración co xefe ou xefa ou responsable das actividades extraescolares, e será aprobado polo Consello Escolar dentro da programación xeral anual do centro.**

Cuarto.- Fase de información.

**Coa finalidade de garantir o máximo coñecemento do plan de actividades extraescolares por parte dos distintos sectores da comunidade educativa e moi especialmente polas nais e pais do alumnado, os centros educativos organizarán unha fase de información sobre o devandito plan cun mes de antelación, polo menos, á celebración das votacións en cada un dos órganos e sectores.**

Quinto.- Votacións.

**As votacións correspondentes ao Consello Escolar e ao Claustro de profesorado celebraranse en sesións extraordinarias convocadas para o efecto.**

**Desenvolveranse en cada caso diante dunha mesa composta pola dirección do centro como presidente ou presidenta e dous membros do órgano correspondente designados por sorteo no mesmo acto.**

**A votación para o sector das nais, pais e titores legais do alumnado farase diante dunha mesa constituída para o efecto e composta pola dirección do centro, que a presidirá, e dúas nais, pais ou titores legais, designados por sorteo público, actuando como secretaria ou secretario a persoa de menor idade. En previsión de posibles ausencias, no sorteo designaranse titulares e suplentes.**

**O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, polo menos, de anticipación á data fixada para a xornada electoral. As direccións dos centros educativos abrirán un prazo de, polo menos, cinco días hábiles para que as nais, pais ou titores legais poidan presentar reclamacións ao censo.**

**A votación realizarase no centro educativo, nunha única xornada cunha duración establecida pola dirección do centro e que non será inferior a oito horas.**

**O voto será, en todo caso, directo, secreto e non delegable. No sector das nais e pais poderán votar a nai e o pai ou os titores legais.**

**O resultado negativo da votación de pais e nais, no caso de producirse, entenderase como vinculante para os efectos decisorios sobre o tipo de xornada, non podendo iniciarse un novo proceso ata transcorridos, polo menos, tres anos dende a realización da mesma.**

Sexto.- Tramitación da solicitude.

**As direccións dos centros educativos que cumpran os requisitos establecidos no epígrafe anterior, efectuarán solicitude ao titular da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no modelo que se publica como anexo I á presente orde, durante o mes de febreiro.**

**Xunto coa solicitude, achegarán as actas das votacións levadas a cabo nos órganos colexiados do centro, e dos pais e nais e titores legais, ás que se refire o epígrafe anterior, e, se é o caso, o informe favorable do Servizo de Transportes da Delegación Provincial.**

**Sétimo.- Centros con transporte escolar.**

**Despois das votacións do Consello Escolar e do Claustro de Profesorado e con carácter previo ás votacións das nais, pais e titores legais, as direccións dos centros con transporte escolar solicitarán ao Servizo de Transportes da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un informe referido á viabilidade ou non do horario proposto polo centro solicitante, en relación cos servizos complementarios de transporte e comedor, no modelo que se publica como anexo II á presente orde.**

**O informe do Servizo de Transportes será favorable cando a modificación horaria proposta polo centro non supoña incremento de custo tanto a nivel de transporte como de comedor escolar.**

**Se o informe emitido polo Servizo de Transportes é favorable o centro procederá a convocar e realizar as votacións das nais, pais e titores legais conforme ao previsto na presente orde. No suposto de que o informe fose desfavorable, o centro educativo procederá ao arquivo das actuacións.**

**Oitavo.- Informe da inspección educativa.**

**Á vista da documentación presentada polo centro educativo, o Servizo de Inspección emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e demais trámites establecidos na presente orde, así como da legalidade do horario proposto polo centro educativo.**

**Noveno.- Proposta de resolución**

**O titular da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, á vista dos informes sinalados, e doutros que puidese solicitar, proporalle á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa a resolución que proceda, achegando, asemade, o expediente completo de cada centro solicitante.**

**Décimo.- Resolución**

**A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ditará as resolucións pertinentes, sen que a xornada aprobada poida ser modificada nun período de tres anos.**

**Décimo primeiro.- Revogación da autorización.**

**Poderase revogar a autorización en calquera momento do curso, por proposta da delegación provincial e logo de audiencia do Consello Escolar do centro, cando no seguimento realizado polo Servizo de Inspección se comprobe o incumprimento grave do plan de actividades extraescolares que serviu de base á autorización.**

**Disposición transitoria primeira**

**Para o curso 2008/2009 abrirase un prazo extraordinario de 30 días a contar dende a data da publicación desta orde para a petición destas xornadas.**

**Disposición transitoria segunda**

**Os centros que conten con autorización para xornada lectiva en sesión única de mañá concedida por implantación, prórroga ou mixta con carácter experimental para o curso escolar 2008/2009 non poderá modificala nun período de tres anos.**

**Disposición derrogatoria**

**Queda derrogada a Orde do 13 de abril de 1993 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica e todas as disposicións de igual e inferior rango que se opoñan ao establecido na presente orde.**

**Disposicións derradeiras**

**Primeira.- Autorízase á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa a ditar as disposicións oportunas no desenvolvemento desta orde.**

**Segunda. A presente orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia***
**Santiago de Compostela,……….**
**Laura Sánhez Piñón**
**Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.**